

## ACORDO DA COAP DO 24 DE MARZO DE 2017 SOBRE A CONCESIÓN DE ANOS SABÁTICOS PARA O CURSO 2017/18

No Consello de Goberno que tivo lugar o 7 de febreiro de 2017, foi aprobada a convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2017/18 e os criterios a utilizar para a puntuación das solicitudes presentadas.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e, en aplicación deste acordo do Consello de Goberno, a COAP, na sesión do 14 de marzo de 2017, tomou o acordo de resolución provisional de concesión de anos sabáticos para o curso 2017/18, establecendo un prazo para posibles reclamacións.

Unha vez rematado o dito prazo, e unha vez analizadas as reclamacións, a COAP na sesión do 24 de marzo de 2017, acorda a resolución definitiva de concesión de anos sabáticos para o curso 2017/18 que se establece no **Anexo I** deste acordo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.


As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 24 de marzo de 2017

A vicerreitora de Org. Académica e Profesorado



Ana M. Graña Rodríguez



Anexo I

**ACORDO DA COAP DO 24-03-2017: Resolución definitiva da Convocatoria de anos sabáticos 2017/2018**  
**Solicitudes e puntuacións definitivas totais de acordo cos criterios aprobados no Consello de Goberno de**  
**07/02/2017**

| Apelidos               | Nome             | CAT. | DPT | AREA | TOTAL  |
|------------------------|------------------|------|-----|------|--------|
| VÁZQUEZ DORRÍO         | JOSÉ BENITO      | TU   | T08 | 385  | 12,300 |
| ANIDO RIFÓN            | LUIS EULOGIO     | CU   | T13 | 560  | 12,252 |
| LASTRA VALDOR          | MARIANO DE LA    | TU   | C04 | 220  | 12,112 |
| LÓPEZ FERNÁNDEZ        | JOAQUÍN          | TU   | T07 | 520  | 11,309 |
| PRESA MARTÍNEZ         | PABLO            | TU   | C03 | 420  | 11,000 |
| VALEIJE ÁLVAREZ        | MARÍA INMACULADA | TU   | X03 | 170  | 10,570 |
| TUDELA SÁENZ DE PIPAÓN | FRANCISCO JAVIER | TU   | H07 | 260  | 10,299 |
| GONZÁLEZ PRELCIC       | NURIA            | TU   | T14 | 800  | 10,235 |
| SUEIRO JUSTEL          | JOAQUÍN          | CEU  | H10 | 567  | 10,038 |
| BECERRA SUÁREZ         | MARÍA DEL CARMEN | TU   | H11 | 796  | 10,021 |
| DOMÍNGUEZ CASTRO       | LUIS             | TU   | H05 | 450  | 10,000 |
| ALONSO PRIETO          | ELENA            | TU   | T06 | 295  | 9,766  |
| BALTRUST               | BURGHARD         | TU   | H03 | 370  | 9,700  |
| CANEDA CABRERA         | MARÍA TERESA     | TU   | H04 | 345  | 9,000  |
| SALCEDA RODRÍGUEZ      | HERMES           | PCD  | H04 | 335  | 9,000  |
| CASADO NEIRA           | DAVID            | PCD  | X11 | 775  | 8,333  |
| RODRÍGUEZ GALLARDO     | ÁNGEL            | PCD  | H10 | 567  | 5,075  |
| RODRÍGUEZ BERROCAL     | FRANCISCO JAVIER | CU   | C03 | 60   | 17,384 |
| POU SARACHO            | JUAN MARÍA       | CU   | T08 | 385  | 15,084 |
| MARTÍN LUCAS           | MARÍA BELÉN      | TU   | H04 | 345  | 10,200 |
| FERNÁNDEZ SALGADO      | BENIGNO          | TU   | H03 | 370  | 6,500  |

O Consello de Goberno, na súa sesión do 7 de febreiro de 2017, acorda por asentimento utilizar os seguintes criterios para puntuar as solicitudes dun ano sabático para o curso 2017/18:

- 2 puntos por cada sexenio contabilizado a 31/12/2016; 1 punto adicional (sumado ao acadado neste apartado) se o último ano do último período avaliado positivamente é 2010 ou posterior.
- 0,5 puntos por cada quinquenio contabilizado a 31/12/2016.
- cargos de xestión unipersoais: só serán valorados os cargos desempeñados na Universidade de Vigo a partir do ano 2007 (inclusive) e puntuaranse seguindo o mesmo procedemento que o establecido pola ACSUG para a concesión do complemento de recoñecemento por cargos de xestión (DOG do 02/12/2016). En caso de empate, terase en conta o feito de non ter desfrutado anteriormente dun ano sabático e a antigüidade na Universidade de Vigo como PDI con vinculación permanente e a tempo completo.

O profesorado con sombreado é o beneficiario dun ano sabático para o curso 2017/2018 de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria

